

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Para realizar esta programación tense en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O centro ao que vai dirixida é un CEIP de titularidade pública enmarcado nunha zona rural do sueste da provincia de Lugo. O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, Escola infantil, IES ..., así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo cunha porcentaxe de alumnado vulnerable dun 20% aproximadamente.

O colexio, que ten horario de xornada única, (agás os luns con xornada partida), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Ademais das aulas das titorías e especialidades, hai un ximnasio e unha biblioteca escolar que está incluída en PLAMBE, sendo espazo multiusos para obradoiros e actividades culturais. Tamén se participa noutros programas como E-DIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +. Así mesmo, ofértase unha sección bilingüe na materia de educación artística (plástica) nos cursos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de educación primaria.

O total de profesorado é de 19 mestres e mestras e 148 alumnos e alumnas, os cales se dividen en 3 unidades de educación infantil e 7 de educación primaria. O centro oferta as materias pertinentes do currículo de Educación Infantil e Educación Primaria. A lingua estranxeira ofertada é o inglés, área sobre a que versa este documento, e que será a lingua vehicular empregada prioritariamente durante as sesións da materia.

No quinto curso de educación primaria, hai 17 alumnos e alumnas.

Esta programación vai encamiñada a contribuir ó desenvolvemento integral do alumnado, potenciando as súas capacidades morais, intelectuais e afectivas. Asemade, proporcionar ferramentas que lles permitan construír as súas propias aprendizaxes e iniciarse na resolución de problemas e integración de novos coñecementos con ideas previas ou outros xa adquiridos. No ámbito lingüístico e cultural, preténdese potenciar a utilización da lingua estranxeira como medio habitual de comunicación na aula, creando situacións de comunicación acordes ao entorno e próximas aos intereses do alumnado. Traballarase tamén a integración de diferentes culturas, fomentando o respecto, interese e coñecemento, así como a importancia da linguaxe como método de comunicación global. Todo este proceso educativo terá en conta as medidas pertinentes de atención á diversidade, seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A avaliación deste documento desenvolverase sobre as bases establecidas na Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regula a avaliación nesta etapa educativa, e así mesmo, a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hello again!	Vocabulario relativo ás presentacións en primeira e terceira persoa e saúdos. Preguntas e respostas para obter información persoal ("Where are you from?" - "I'm from..." / - "What do you like (doing)?" - "I like (doing)..."). Nacionalidades, datas e descrições físicas de persoas. Listenings, readings e elaboracións de descrições. Xogo "Guess	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hello again!	who" e Role-plays.	10	13	X		
2	I don't like this city	Vocabulario relacionado coa cidade: lugares, elementos típicos, etc. Aproximación á cidade de Londres e comparación de distintas cidades no mundo (costumes, cultura, etc.). Expresar direccións e seguir un mapa. Listenings e vídeos relacionados. Elaboración dunha ruta de direccións para chegar a un punto concreto. Busca do tesouro seguindo un mapa previamente deseñado. Redactar sobre a súa cidade favorita.	15	13	X		
3	Culture Unit: Halloween	Vocabulario e expresións relativas a esta celebración. Vídeos e cancións relacionadas. Describir personaxes de Halloween típicas en diferentes países.	9	8	X		
4	The new superhero	Descricións relativas a aspectos da personalidade e habilidades. Comparar persoas e obxectos. Indagar sobre superheroes e superheroinas na literatura e cine. Creación e descrición dun superheroe. Listenings e vídeos relacionados coa unidade. Xogos de asociación e comparación.	15	13	X		
5	At the school Canteen	Vocabulario relativo ás comidas e á elaboración de receitas. Preguntar e ofrecer comida e o seu custo monetario. Promoción de hábitos saudables. Indagación sobre a gastronomía arredor do mundo. Vídeos relacionados. Elaboración dunha presentación cunha receita. Role-play: simulación dun restaurante.	15	14		X	
6	Not a typical day	Vocabulario asociado a rutinas, actividades de tempo libre e profesións. Listenings e vídeos. Elaboración de rutinas asociadas a diferentes profesións. Xogo: "snakes and ladders" e xogos online.	10	13		X	
7	Life in the past	A vida no pasado: costumes, profesións e tradicións. Comparación coa actualidade. Indagar sobre persoas con influencia no pasado (inventores, científicos, escritores, deportistas...). Presentación sobre unha personaxe ilustre do pasado. Vídeos relacionados. Xogos: memory e xogos de mesa.	10	13			X
8	What do you want to do this summer?	Vocabulario asociado ás vacacións: paisaxes, actividades, comida, animais... Coloquio sobre memorias das vacacións. Creación dun mural conxunto. Xogos tipo "quiz".	10	12			X
9	Unidade transversal	Contidos actitudinais e contidos comúns a tódalas unidades que se traballan ao longo do curso.	6	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hello again!	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	PE	60
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas de forma guiada.	TI	40
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	I don't like this city	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	PE	60
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Realizar actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves e sinxelos.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
3	Culture Unit: Halloween	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos e conceptos breves e sinxelos.	TI	100
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	The new superhero	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar e aplicar estratexias e coñecementos para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	PE	60
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, con adecuación á situación comunicativa proposta.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.

UD	Título da UD	Duración
5	At the school Canteen	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Aplicar coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e adecuados.	PE	60
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Realizar actividades de autoavaliación e coavaliación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	TI	40
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar conceptos breves e sinxelos, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
6	Not a typical day	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos con adecuación á situación comunicativa proposta.	PE	60
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Realizar actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar estratexias e coñecementos para captar o sentido global en textos diversos.	TI	40
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.

UD	Título da UD	Duración
7	Life in the past	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais.	PE	60
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Aplicar coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e adecuados ás intencións comunicativas.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar conceptos mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores.	TI	40
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicos e dixitais, individuais e colectivas.

UD	Título da UD	Duración
8	What do you want to do this summer?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos con adecuación á situación comunicativa.	PE	60
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Realizar actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Aplicar estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade transversal	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, utilizando recursos verbais e non verbais.	TI	100
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar estratexias elementais para saudar, despedirse e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar estratexias que faciliten a comprensión e produción de información.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.1 - Actuar con apreio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con apreio e respecto en situacións interculturais.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas

Contidos

- demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo os principios pedagóxicos expostos no Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establecen a ordeación e o currículo da educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a metodoloxía didáctica será comunicativa, inclusiva, activa e participativa. As accións metodolóxicas irán encamiñadas ao logro dos obxectivos e competencias clave. Porén, desenvolveranse actividades e tarefas relacionadas coa resolución de problemas en contextos reais. Así mesmo, integraranse as diferentes experiencias do alumnado, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e as súas preferencias. Potenciarase a autonomía, a capacidade de aprender por sí mesmos, así como o traballo colaborativo e en grupo.

No caso da lingua estranxeira, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, as estratexias de ensino-aprendizaxe fundamentaranse nas necesidades comunicativas do mundo real, partindo de situacións próximas ao alumnado. Para o curso de quinto de primaria, as orientacións metodolóxicas que seguirá esta programación son as seguintes:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo:TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias;etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, fragmentos de películas, etc. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e

imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

As sesións seguirán unha na estrutura na que se comezará con actividades de rutinas (data, preguntas e respostas básicas do día a día...) co fin de afianzar vocabulario básico e desenvolver a autoconfianza en interaccións breves e sinxelas en lingua inglesa. Seguidamente, desenvolveranse actividades de "warm up" ou quecemento, que consisten en actividades curtas e lúdicas (xogos, cancións, diálogos, representacións, etc...) para repasar contidos previos e así poder vincularlos cos novos contidos que se desenvolverán durante a sesión. Unha vez finalizadas, realizaranse as actividades estipuladas para cada sesión, mediante as cales se irán traballando de maneira gradual os contidos referentes ás diferentes unidades didácticas (identificar conceptos nas tarefas do libro dixital, iniciarse en actividades de diálogo previamente preparados, fichas escritas, actividades dixitais, lecturas en papel e no libro dixital, actividades manipulativas con tarxetas, obxectos, etc..., xogos de mímica, repetición, asociación, etc...).

O espazo principal onde se desenvolverá a actividade de ensino-aprendizaxe para este grupo de alumnado será a aula de titoría, podendo desprazarse a outros espazos como a aula de inglés ou a biblioteca escolar co fin de aproveitar os recursos presentes nelas. A distribución da aula en grupos colaborativos potencia a aprendizaxe cooperativa, fomentando a comunicación entre iguais, a escoita de ideas, a interiorización das normas de convivencia e o desenvolvemento progresivo da linguaxe. Complementando o traballo colaborativo e en parellas, tamén se terá en conta a ensinanza individualizada, proporcionando tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

Dentro do entorno multimedia no que se atopa esta aula (E-DIXGAL) a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

A función do mestre será principalmente de guía do proceso de aprendizaxe, proporcionando as ferramentas necesarias para acadar os obxectivos propostos para cada unha das unidades didácticas que conforman esta programación. Diseñará tarefas e recursos adaptados ao alumnado e apoiará a realización de actividades autónomas e en parellas. Finalmente, avaliará o proceso de ensino-aprendizaxe mediante a observación directa a sistemática e o resultado final a través da análise das producións tanto orais como escritas nos diversos formatos: dixital e analóxico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO DE TEXTO DIXITAL (E-DIXGAL)
LIBROS DE LECTURA

MATERIAIS MANIPULATIVOS
ENCERADO DIXITAL INTERACTIVO (SMART BOARD) E PROXECTOR
MATERIAIS AUDIOVISUAIS
FICHAS FOTOCOPIABLES
MATERIAIS ELABORADOS POLO PROPIO ALUMNADO
POSTERS E MURAIIS
XOGOS FÍSICOS, ONLINE E DE MESA
REALIA E RECURSOS DA CONTORNA
VÍDEOS
RIMAS E CANCIÓNS
ACTIVIDADES DÚA

Empregarase o libro dixital interactivo "Netex-Smart" dentro da plataforma E-Dixgal soporte de apoio, xunto con outros recursos dixitais (xogos na rede, procesadores de textos, programas para a elaboración de presentacións, etc.). Tamén se utilizarán libros de lectura (contos, historias breves, etc.) en lingua inglesa, así como diferentes materiais manipulativos (flashcards, carteis, xogos de mesa, actividades e xogos didácticos, etc.). Integraranse en todo momento as TIC mediante a utilización do propio libro, así como do encerado dixital para proxectar cancións, vídeos, presentacións, elaborar e resolver actividades, etc., ademais da creación de materiais audiovisuais. Por último, dentro do material funxible a empregar usaranse fichas fotocopiables e un amplo banco de recursos elaborados durante o transcurso das sesións polo propio alumnado e que servirá como material de apoio á súa propia aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó comezo de curso farase unha avaliación de diagnose encamiñada a coñecer o nivel competencial do alumnado en termos de pronuncia, escoita, comprensión oral e fluidez na mesma, así como a escritura espontánea de palabras e expresións sinxelas e de uso común na lingua inglesa, co fin de establecer o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar e, deste modo, encamiñar o proceso educativo e metodolóxico.

Esta diagnose levarase a cabo a través de actividades e xogos de intercambio directo de información, introducindo tanto a comprensión de expresións e preguntas sinxelas como a produción de textos orais moi sinxelos, previamente preparados e dirixidos. Tamén se levará a cabo unha pequena proba escrita que valorará a comprensión oral a través de "listenings", a comprensión escrita mediante textos sinxelos e a expresión escrita formando estruturas gramaticais previamente traballadas. Os resultados serán rexistrados nunha táboa de valoración específica.

Nas posteriores sesións de avaliación inicial o equipo docente compartirá datos e información para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumna ou cada alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	9	15	15	10	10	10	6	100
Proba escrita	60	60	0	60	60	60	60	60	0	51
Táboa de indicadores	40	40	100	40	40	40	40	40	100	49

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación obteranse tendo en conta diferentes rocedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, pequenas representacións e role-plays, análise do portfolio do alumnado, e outros.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresivo, polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia, isto terase en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a.

Instrumentos:

- Táboas de indicadores, que recollerán:
- Observación sistemática do traballo e actitude.
- Representacións orais (role-plays, pequenas representacións teatrais, etc.).
- Análise dos portfolios do alumnado.
- Rexistro do traballo individual e colectivo.
- Probas orais sinxelas.
- Probas escritas (exames, tests, murais, presentacións e calquera material elaborado polo alumnado nos que use a lingua escrita).

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, así como os resultados obtidos nas probas escritas, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

A cualificación final elaborárase mediante táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestando especial atención e valorando, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso. Porén, cada unidade terá un peso equivalente en cada un dos trimestres. Así mesmo, a unidade didáctica número 9 "Unidade transversal", será avaliada dende o comezo da actividade lectiva ata o término da mesma cun peso igualitario en cada un dos trimestres, dado que trata contidos actitudinais e contidos comúns a tódalas unidades didácticas restantes.

Polo tanto, ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as unidades didácticas correspondentes a cada un deles, realizarase unha media ponderada entre estas (que teñen un peso equivalente), sumando a parte correspondente da unidade transversal (2%) para así conseguir o 100% da nota trimestral.

Finalmente, a nota da avaliación ordinaria obterase seguindo unha avaliación continua, tendo especialmente en conta o progreso do alumno/a na terceira avaliación. Deste modo, os dous primeiros trimestres contarán cun peso dun 30%, mentres que o terceiro contará cun peso dun 40% sobre o total. A promoción será decidida polo equipo docente en sesión de avaliación. A decisión será tomada de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. No caso de non poder recuperar contidos ou avanzar nos mesmos, levaranse a cabo medidas de reforzo educativo e apoio personalizado por parte do mestre/a.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente (Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación); prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Esta programación ten en conta diferentes niveis de aprendizaxe, Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos (diferentes soportes, emprego de pictogramas...) que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado, así como ós diferentes ritmos de aprendizaxe. Neste sentido, cobran especial importancia as estratexias de deseño universal de aprendizaxe, que serán, entre outras, propoñer actividades de autorregulación da aprendizaxe; permitir eleccións dentro das tarefas; adaptar a dificultade ou formato das mesmas; empregar varias formas de representación e de comunicación, etc.

Outros exemplos de propostas de atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado son as seguintes:

"Fast Finishers":

- Fichas e actividades para o alumnado que remata as tarefas máis rápido (crosswords, wordsearch, scrabble, dominoes, odd-one-out, etc.), relativos ao tema que estamos a tratar no momento.
- Variacións das actividades realizadas.
- Libros de lectura sinxelos, así como xogos de mesa, xogos con tarxetas (imaxe-palabra, imaxe-imaxe).
- Pediráselles que ao rematar a tarefa, axuden a outros alumnos/as (función de mediación lingüística).

Dificultades de aprendizaxe:

- Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro.
- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.
- O entorno dixital da aula facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. A mestra asignará tarefas que considere realizables por cada alumno/a.
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa, que permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades (Compañeiro titor/a).

- Apoio por parte da mestra ao alumnado que presenta maiores dificultades na realización das tarefas asignadas.

Por outra banda, aínda que na avaliación inicial non se detectou ningún caso que estea relacionado dos protocolos publicados pola Consellería de Educación, teranse en conta por se ao longo do curso fose necesario a aplicación dalgún deles, entre outros, o protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.

Finalmente, o alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente de forma prolongada por causas xustificadas, poderá recibir medidas de atención educativa virtual mediante o uso do libro dixital (plataforma moodle), comunicacións por mensaxería Abalar e por mensaxería do libro dixital.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X
ET.2 - Educación emocional e en valores	X
ET.3 - Educación para a paz	X

Observacións:

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo. Así mesmo, prestarase especial importancia á igualdade de xénero, a educación emocional ou a educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse na clase de LE as saídas educativas pola contorna.	X	X	X
Visitas ao centro.	Contacontos, profesionais de distintos sectores...	X	X	X
Narracións contacontos e representacións.	Contacontos, narracións e talleres de actividades a nivel de aula.	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween.	X		
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	St. Patrick's Day.		X	

Observacións:

Todas as actividades complementarias levadas a cabo no centro serán aproveitadas na clase de LE para aumentar o repertorio lingüístico, sen necesidade de crear unidades específicas. Isto farase posible a través da coordinación cos titores e o traballo previo na aulas.

- Saídas didácticas pola contorna. A área de lingua inglesa participará nas saídas propostas polas titoras do ciclo. Será previsiblemente unha saída en cada trimestre e estarán relacionadas co PDI que se traballará no centro durante este curso escolar: "Un territorio con moita historia".

- Visitas ao centro. Ao igual que no caso das saídas, a área de LE participará nas charlas e contacontos externas e visitas ao centro que poidan xurdir durante o curso escolar.

- Ao longo dos tres trimestres poderanse realizar tanto na aula como na biblioteca sesións de contacontos, narracións ou representacións nas que o alumnado se iniciará na expresión lingüística e artística en lingua inglesa, así como talleres de actividades relacionados coa lectura, para traballar deste modo a escoita activa e a comprensión lectora. Estas actividades relaciónanse cos criterios de avaliación CA1.1, CA1.3, CA2.1 e CA3.3.

- Conmemoracións específicas relacionadas coa LE: Talleres na aula con actividades diversas (crafts, readings, representacións, busca de información, visualización de vídeos...) relacionadas coa conmemoración de festividadeas propias de países de fala inglesa.

- Halloween: conectado coa unidade "Culture unit: Halloween", realizaranse a finais de outubro.

- St. Patrick's day: conectado co bloque 3 do currículo: Interculturalidade. Realizarase previamente ao día de San Patricio (17 de marzo).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos foron axeitados e/ou suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado.

Descrición:

No remate de cada unidade, valorárase o proceso de aprendizaxe da mesma: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado... a través da observación sistemática e o propio proceso de realización das actividades propostas. Mediante a táboa de indicadores de logro arriba exposta, valorárase a acción docente seguindo tres indicadores: óptimo, para revisar e para reelaborar. Deste xeito, determinaríanse as accións a seguir nas unidades vindeiras, dependendo do resultado obtido.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora, así como detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

O seguimento da programación realízase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación informática PROENS. A información do seguimento da programación didáctica trasládase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas. Polo tanto, mediante unha táboa de indicadores de logro tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, obteranse as conclusións con relación ao seguinte curso escolar. Así pois, os apartados susceptibles de modificación serán os seguintes:

- As actividades e tarefas propostas.
- Os recursos utilizados.
- A metodoloxía: agrupamentos, organización das sesións, materiais utilizados, espazos.

- Procedementos de avaliación e por suposto o proceder do propio mestre.

9. Outros apartados